

## Vida número 5- Mariña e nube

Nube oíra falar das outras estacións, e os seus continuos paseos polo xardín do palacio amosábanselle xa aborrecedores. No seu reino vivíase nunha indefinida primavera, flores que facían quendas co vento e a calor segundo pasaban os días. Ela precisaba algún cambio na súa vida; pai e avoa sempre lle dixeran que tiñan sorte de ser diferentes, de vivir noutro mundo mellor... mais ela non deixaba de insistir nas historias humanas sobre o paso do tempo no clima e o ceo. Nube quería que se fixera de noite no seu planeta para ver as estrelas. Quería velas para semellalas coa neve e espertar en inverno na mañá seguinte. Quería ver ás follas fuxir das árbores, como a danza duns seres chamados paxaros, que nunca vira. Con diferenza, o que ocupaba máis espazo nos seus pensamentos era o verán: ese que parecía anunciar sempre a súa cidade máis non chegaba a ningures. Onde están as praias? Dicía. E a calor constante? Onde está a xente con outra cor de pel, e non branca como o papel, coma a miña? Soñaba co mar e os traxes de baño, coma pel de serea que a somerxía na auga dos xigantes. Soñaba coas lentes de sol e sentía que apagaba a luz do mundo. Soñaba tantas cousas que era incapaz de alcanzar, e tiña outras moitas que non satisfacían o oco que viaxaba con ela.

Noutro lado do mundo, de feito noutro mundo distinto, Mariña caía nun profundo sono moi esperado. As horas do día parecían obrigadas de vivir, só esperaba que deran as nove mínimo para deitarse e escapar da súa realidade. A súa familia era adiñeirada e prestixiosa, pero para ela iso non se traducía a éxito nin a felicidade. Podía pagar todo o que quixera, pero o que ela buscaba non se compraba con cartos. Os amigos reais, a prosperidade entre os seus pais... simplemente algunha vista ao ceo na súa cidade que tivera nubes polo medio. Un ceo aberto e calmado raiaba a súa imaxe do mundo. Non se sentía identificada con ningún recuncho daquel lugar, esperaba cumprir os dezoito e marchar para sempre en busca dalgunha tormenta, que se puidera relacionar co desorde da súa cabeza. Sentíase unha incomprendida, unha pequena á vista dos estraños e non tan estraños. A súa forma de dirixirse a ela de forma tan cínica a puña dos nervios. No seu último suspiro consciente, pois escoitaba con constancia as respiracións da súa cabeza para se calmar, pensou que quería que acabase o verán dunha vez por todas. O tempo libre dáballe que pensar que non era feliz.

Volvendo aos desexos de Nube, ela decidiu achegarse o máximo posíbel ao significado do verán. Colleu o telescopio da súa nai, abandonado fai ano e medio, data do seu falecemento, e observou á Terra. A súa mirada posouse sobre Mariña, xa levantada ao día que comezaba. Mariña tiña familia que facía moito por ela, ou iso parecía, porque tiña cara de estar enfadada co mundo. Nube sabía cal era a sensación de darlle demasiadas voltas ás cousas. Os nenos fóra da casa rían e xogaban entre eles. Entón mirou arriba e puido ver aos paxaros nun tellado, e ao can de Mariña durmindo no xardín. Que bonitos eran os animais! Oxalá ter un. Recordou que faltaba pouco para o seu aniversario, pero nada que estivera alí a demandaba tanto coma as cousas da Terra. Fíxolle gracia que nese intre fora verán, quería dicir que nesas datas nas que cumpría anos, alí pasaban pola súa estación preferida; aínda que tería que ser rápida se quería así o seu agasallo, o outono asomaba polas rúas dos terráqueos.

E chegou, o día do seu aniversario veu correndo, como se incrementase o seu paso polo gran desexo que tiña Nube de que acontecera. O seu pai tróuxolle o seu agasallo á primeira hora, na que ela espertara, para gozar dun bo comezo. Nube sorprendeuse ao velo. “Como a conseguiches?” Una lámpada máxica cubría as súas mans, tentando a frotala. “Pensa ben no que queres, pode ser calquera cousa, pero só é un desexo por pedir”. Ela asentiu, e pensando nas vistas do telescopio, formulou con firmeza o que quería. Para a sorpresa de

todos, este foi: “Quero que mamá volva á vida”. Ninguén se sentiu decepcionado, só o asombro cubría as caras de pai e avoa, coñecían de boa man os gustos da nena, e isto fora inesperado. “Para que quero algo se non o podo desfrutar coa familia”, retornou o pensamento de Nube ás imaxes da familia de Mariña.

Por sorte para esta última, o verán só estaba a unhas horas de rematar.

Vida número 5: como produto de sentirse incomprendida, Mariña inventa a un ser fantástico doutro mundo paralelo: nube. As súas historias mantéñena entretida e escríbeas no seu caderno, sentíndose alguén máis, máis especial, na outra punta da galaxia.